



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
ENSINANZA
SECUNDARIA DE POIO



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL GUÍA E CONCRECIÓN ANUAL



IES DE POIO Curso
2024-2025



1. Presentación

A guía do Plan de Acción Titorial é un documento que concreta as liñas xerais de traballo que se expoñen no PAT. O seu obxectivo é facilitar o traballo ás persoas titoras marcando pautas moi concretas de actuación axustadas ás necesidades da nosa comunidade educativa.

A Guía está organizada arredor de catro grupos que son o obxecto de traballo da acción titorial: **as familias** do noso alumnado, **o equipo docente** de cada unha das clases onde exercemos as funcións de titoras e titores, **o equipo de tutoría** de cada nivel no que coordinámonos coa xefatura de estudos e orientación e o **alumnado** que é o centro do noso traballo. Para cada un destes catro centros de interese definimos en que consiste o noso traballo, reflexionamos sobre como empregar instrumentos que manexamos no día a día.

A calidade de acción titorial é unha das claves do éxito académico de gran parte do alumnado. O seu sentido final é coñecer, vincularse e acompañar ao longo do curso a un grupo de estudantes adolescentes que ten que afrontar o curso académico nun momento das súas vidas onde o crecemento persoal e o encaixe nun entorno social son claves para experimentar benestar.

A experiencia móstranos cando esa acción titorial realízase con sensibilidade e acompáñase ao alumnado con calidade, o proceso educativo mellora sensiblemente.

Traballar en equipo e contar cunhas pautas claras e definidas vai contribuír de forma definitiva a que a acción titorial no IES de Poio sexa un éxito.



2. Organización

O **Plan de Acción Titorial** está elaborado polo departamento de orientación, coas propostas recibidas pola CCP e o equipo de persoas titoras e coordinado pola xefatura de estudos, vicedirección e o propio departamento de orientación.

Cada **persoa titora** conta coa seguinte carga horaria:

- Unha hora lectiva co seu grupo - clase
- As horas lectivas da materia que imparte
- Unha hora complementaria de atención a familias (común ao resto de docentes)
- Unha hora non lectiva de reunión de equipo de titoras e titores

As reunións de tutoría coa xefatura de estudos e orientación son semanais en 1º e 2ºESO e con 3º e 4º ESO quincenais ou mensuais, dependendo das necesidades das titorías.

Estas reunións teñen como obxectivo crear equipos de persoas titoras, coordinar a implementación do Plan de Acción Titorial para dar unha coherencia común ás actuacións que se levan a cabo tanto coas familias como co alumnado e os equipos docentes.

Nas reunións fomentamos o vínculo entre o equipo docente, para que todo o equipo se atope cómodo e como o sistema de aprendizaxe e modelado para xerar vínculos entre o alumnado e as diferentes clases. Utilizamos a participación equitativa como facemos cos círculos de diálogo.



3. As familias

O traballo coas familias é unha peza fundamental da acción tutorial. A nosa experiencia indícanos que unha boa coordinación entre as familias e o centro facilita a inclusión e o éxito académico do noso alumnado.

As familias da nosa comunidade educativa precisan unha comunicación fluida e de forma especial coa persoa titora e os seus fillos e fillas. Para mellorar a calidade educativa do noso centro queremos que as familias participen de forma máis activa na vida do centro e de forma máis concreta e no que se refire ao PAT temos os seguintes **compromisos**:

1. Unha reunión de acollida para todas as familias que se incorporan desde 6ºEP. Desde orientación realízanse formacións dentro das ENAPAs dos centros para facilitar a transición.
2. Unha entrevista de acollida individual para cada familia que se incorpora ao centro. En 1ºESO e para calquera familia que se incorpore ao centro temos entrevistas individuais nun breve prazo de tempo ao inicio de curso.
3. Unha reunión grupal de acollida para cada grupo-clase do centro. Cada persoa titora ten unha reunión coas familias da súa clase ao inicio de curso.
4. Comunicación fluida durante o curso. Esta comunicación realízase de xeito non presencial (teléfono ou ABALAR) ou en presencial en reunións específicas en función das súas necesidades.
5. Enquisas de avaliación para as familias. Todas as familias teñen a oportunidade de avaliar a final de curso a súa satisfacción como membros da comunidade educativa.

A continuación ofrecemos algunha pauta máis concreta sobre as formas de comunicación coas familias:



Reunións grupais. Estas reunións cubren dous obxectivos fundamentais, en función do tipo de reunión primase máis un sobre outro.

- a) Tecer vínculos para sentar as bases do traballo colaborativo.
- b) Ofrecer información relevante para as familias.

As reunións de acollida céntranse máis no primeiro punto, sobre todo en cursos que xa coñecen o instituto. O segundo iría destinado, sobre todo, ás familias do alumnado de nova incorporación e de 1ºESO.

Ademais, pode ser útil convocar unha reunión de familias a nivel aula para traballar na mesma liña o profesorado e as familias, coa finalidade de establecer pautas comúns.

Sistemas de comunicación permanente. Os sistemas personalizados que utilizamos son chamadas telefónicas e a plataforma ABALAR. Tamén pode haber comunicacións a través das redes sociais ou a páxina web do IES.

4. Os equipos docentes

Cada persoa titora coordina ao equipo docente do seu grupo e realiza a función de mediación entre o grupo clase e o resto de docentes que compoñen o equipo. Os instrumentos dos que dispoñen, son:

Perfil de aula

No curso 2023/2024 realizáronse os primeiros perfís de aulas en 1ºESO. Este curso contaremos con eles en 1ºESO (grazas aos centros adscritos) e en 2ºESO.

Este perfil de aula recolle a información relevante do voso alumnado, para coñecelos mellor e para adaptar mellor o proceso de ensino-aprendizaxe.

Recibiredes o perfil de aula da vosa titoría e seredes vos as persoas encargadas de actualizalos a medida que detectedes discrepancias no alumnado.



Entendemos que é un documento vivo e que o alumnado pode cambiar, polo que é necesario revisalo ao longo do curso.

Información actualizada para a visita de familias.

Cando hai unha reunión de tutoría é necesario pedir informes ao equipo docente para transmitirle unha información actualizada e o máis realista posible, de xeito que podamos establecer pautas de actuación comúns a favor do alumnado.

Reunións de avaliación.

Temos fixadas cinco reunións de avaliación ao longo do curso: a inicial, tres parciais e unha final ordinaria na ESO. En Bacharelato e Ciclo Medio engádese unha extraordinaria.

Reunións extraordinarias.

É posible que en ocasións exista a necesidade de reunir puntualmente ao equipo docente para tratar algún aspecto importante. Así, adoitamos convocalas para analizar a situación e tomar decisións conxuntas.

Decálogo das avaliacións elaborado polo equipo de convivencia

1. Valoramos moito a oportunidade de xuntarnos todo o equipo docente. A coordinación horizontal é moi valiosa e non temos moitas ocasións de facelo.
2. Necesitamos que as nosas sesións de avaliación sexan **útiles** para analizar e tomar decisións que melloren o clima da aula e o proceso de aprendizaxe do alumnado. Non queremos que sexan un lugar de facer terapia, senón un lugar onde **construír solucións**.



3. Necesitamos falar do alumnado e das súas familias dun xeito respectuoso, xa que é moi probable que existan historias complicadas detrás.
4. Precisamos **escoitar** experiencias dos compañeiros e compañeiras que **conseguen que un grupo ou unha persoa funcione ben**, especialmente se o resto temos máis dificultades para conseguir que traballe.
5. Necesitamos falar de todo o alumnado, non nos gusta cando pasamos os primeiros vinte minutos falando dos tres máis complexos. O resto o merecen e a todos nos gusta escoitar falar de todas e todos.
6. Somos conscientes de que o éxito desta reunión reside na preparación, polo que é indispensable **informar ao profesorado tutor previamente** das situacións que levan a que o alumnado non supere a materia ese trimestre. Deste xeito, na avaliación podemos **tomar decisións** con toda a información.
7. Necesitamos tempo para realizar ben a avaliación, polo que é indispensable comezar á hora prevista (tendo que estar o profesorado 10 minutos antes no centro, cerca do lugar de xuntanza) e rematar á hora prevista, para non molestar á seguinte persoa titora. Se fai falta máis tempo do previsto, poderase informar á xefatura de estudos previamente para valorar unha ampliación de tempo.
8. Queremos que todas e todos participedes do xeito máis equitativo posible.
9. Como responsables de centrar o tema e de ter en conta o tempo, faremos intervencións sobre o proceso, para axudar na xestión dese tempo. Queremos que entendades que somos responsables de que a reunión funcione e temos que facilitala.



10. Para lograr adaptarnos aos tempos e saber exactamente de canto dispoñemos en todo momento, empregaremos un reloxo visual que emitirá un son cando remate o tempo para esa avaliación.

Avaliación inicial. A avaliación iniciar celébrase a principio de curso e ten como finalidade situar ao equipo docente ante o grupo no que imparte clase. Non leva notas asociadas e serve para compartir as necesidades detectadas na clase e establecer medidas ou plans para o grupo ou para calquera estudante. Nesta sesión de avaliación pódese recoller información para modificar o **perfil de aula**.

Primeira avaliación. Antes da avaliación o profesorado debe informar á persoa titora dos motivos polos que non supera a materia cada estudante e as notas as pon en XADE. Durante a avaliación analizaranse as situacións e buscaranse solucións. A partir desta avaliación establécense os Plans de Reforzo (alumnado que promociona con materias pendentes).

Segunda avaliación. Funciona do mesmo xeito que a primeira avaliación en canto ao procedemento. Tamén serve para avaliar os plans de reforzo das materias pendentes.

Terceira avaliación. Nos cursos chave para acceder a un Ciclo Formativo de Grao Básico ou Programa de Diversificación Curricular realízase unha relación inicial de alumnado. O funcionamento no resto de aspectos segue o mesmo que as anteriores avaliacións.

Avaliación ordinaria. Establécense o alumnado que promociona e titula e en que condicións o fai. O equipo docente toma decisións por maioría en función das características particulares de cada estudante.

Avaliación extraordinaria. É a avaliación final para bacharelato e ciclo medio.



5. Alumnado

A función titorial que levamos a cabo co alumnado desenvólvese de xeito grupal con todo o alumnado de cada titoría e de xeito individual, cun seguimento máis personalizado.

Estruturas de participación

Un Plan de Acción Titorial no que participe o alumnado require a creación de estruturas estables da participación no horario de titoría semanal (se a organización do centro e do profesorado voluntario o permite).

Estas estruturas están sostidas por profesorado voluntario que decide investir as súas horas de permanencia no centro na dinamización da convivencia.

As estruturas coas que contamos poden variar en función das necesidades de cada curso e das potencialidades das persoas que as sosteñen.

As estruturas teñen lugar, de forma preferente, nas horas de titoría, na que o profesorado voluntario sairá co alumnado de cada clase que estea apuntado nesa estrutura. A finalidade é realizar actividades dinamizadas de xeito colaborativo entre o alumnado e o profesorado, de maneira que podan aportar á vida do centro e teña un impacto na comunidade educativa.

Adoitamnos contar coas seguintes estruturas:

Equipo de persoas delegadas: sostidos pola xefatura de estudos. A función é representar á clase ante o equipo docente e a xefatura de estudos, así como analizar e mellorar as condicións de aprendizaxe de cada grupo.

Equipo ecoloxista: Sostidos polo profesorado do equipo de convivencia. A súa función é facer accesible o mundo da reciclaxe, concienciar sobre a contaminación e facilitar a toma de conciencia sobre a importancia das nosas actuacións no medio ambiente.



Equipo multiculturas: Sostido polo profesorado do equipo de convivencia. A súa función é visibilizar e sensibilizar sobre as diferentes culturas do alumnado do centro, coa finalidade de sentirnos todas e todos parte del.

Equipo de normalización: Sostido polo profesorado de implicado na normalización da lingua galega. A súa función é potenciar o uso da lingua galega no centro.

Sementes de liberdade: Sostido polo profesorado de convivencia. A súa función é impulsar a realización de actividades de concienciación e sensibilización arredor da igualdade e a diversidade de xénero

Equipo de benestar e ocio: Sostido polo profesorado de convivencia. A súa función é incluír ao alumnado vulnerable dentro da vida do centro e de analizar e mellorar as condicións do centro para que sexa un lugar seguro.

5.1 Acollida ao alumnado

A acollida é un proceso que realízase de xeito sistemático para toda a comunidade educativa e que ten como obxectivo xerar vínculos e sentimento de pertenza.

No caso do alumnado contamos con tres momentos de acollida:

- **Final do curso anterior:** no mes de xuño temos reunións cos colexios adscritos para facilitar a transición de etapa e, de ser o caso, tamén haberá reunión coas familias do alumnado con necesidades educativas especiais.
- **Inicio do curso:** realizamos unha acollida a todos os grupos clase, seguindo o enfoque dos círculos de diálogo.
- **Durante o curso:** personalizamos a acollida para cada estudante que se incorpora ao centro durante o curso escolar.



No anexo móstranse as actividades que se realizarán ao longo do curso.

5.2 Mellora e aprendizaxe da convivencia

A convivencia é o eixo central no traballo de tutoría. Desde o punto de vista de clima de aula buscamos que a clase poida ser un grupo onde todas as persoas sántanse respectadas, aceptadas e valoradas, onde poden expresarse e compartir ideas e puntos de vista diferentes e que as persoas poidan vincularse de forma positiva.

Desde o punto de vista da aprendizaxe, buscamos que o alumnado mellore a súa competencia socioemocional e que poida recoñecer as súas ideas e emocións, e as poda expresar adecuadamente, para poder comprender, aceptar e valorar as do resto. Así, serán capaces de traballar con outras persoas, coidalas, establecer normas para o grupo, resolver os seus conflitos e que poidan tomar decisións sensatas que respecten a súa saúde e benestar e as do resto.

Ao longo do curso desenvolvemos actividades en tutoría que leva a cabo cada persoa titora e outras que son levadas a cabo polas diferentes estruturas nas que participan e repercuten no grupo. As **prácticas restaurativas preventivas** e de forma especial, a **comunicación afectiva**, as mensaxes en primeira persoa e os círculos de diálogo son algunhas das estratexias que utilizamos.

No anexo recóllense algunhas das actividades que realizamos na tutoría.

5.3 Benestar e coidado emocional

Este apartado da tutoría está moi relacionado co apartado anterior, pero consideramos que o benestar e autocoidado emocional e o coidado e benestar



das outras persoas que nos rodean son dous factores que inciden de forma moi directa sobre a saúde mental da nosa comunidade educativa.

Na titoría abordamos a saúde mental e actividades que nos axudan na toma de conciencia emocional, na detección de sinais que nos fan sentir incomodidade, nos factores que anulan estas sinais e en como tomar decisións que benefician ao noso coidado. Tamén buscamos xerar un clima de traballo e relación favorecedor do benestar das demais persoas e potenciar o coidado mutuo.

5.4 Aprender a aprender

A titoría debe ser útil para acompañar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe. Non consideramos que sexa o lugar onde aprender como aprender, porque pensamos que é o desenvolvemento das diferentes materias onde se debe mostrar como se aprende e debe axudar ao alumnado a reflexionar sobre a propia aprendizaxe.

Porén, desde a acción titorial pódese facer unha labor de acompañamento ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe, pódese axudar a reflexionar sobre os seus diferentes sistemas para aprender, coordinar a súa planificación, ofrecer estratexias xerais para aprender e axudar ao alumnado a mellorar o seu autoconcepto como aprendiz.

No anexo atopamos referencias de material para coordinar desde a titoría este traballo.

5.5 Orientación académica e profesional

A orientación académica e profesional desenvólvese dentro do seu propio plan de traballo no departamento de orientación pero realízase dentro da acción



titorial. En termos xerais, a orientación desenvólvese en tres fases, a primeira fai referencia ao autocoñecemento, todas as actividades que realizamos nas que axudamos ao alumnado a explorar os seus intereses, a coñecer e explorar campos.

En segundo lugar, a orientación busca que o alumnado coñeza o sistema educativo, as súas opcións e o mundo laboral con todas as súas posibilidades, pero sobre todo aprender a explorar este mundo é un dos obxectivos que buscamos.

Finalmente orientar académica e profesionalmente é axudar a tomar decisións que cadren cos seus intereses, posibilidades, necesidades e capacidades, tendo en conta tanto factores internos coma contextuais.

Ao longo de toda a escolarización, desde as diferentes materias, desde os proxectos de centro que realizamos e desde a acción tutorial, planificamos actividades para facilitar o desenvolvemento dun plan que ten en conta estas tres dimensións.

No anexo pódense ver algunhas das actividades que realizamos.

6. Anexo calendario



MENSUAL

planificador

MES: Setembro

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9. <u>Círculo acollida</u> <u>alumnado</u>	<- Click no texto, contén ligazón			
16	Actividades de cohesión			
23	Actividades de cohesión			
30	Actividades de cohesión			

NOTAS

Escoller **TRES** actividades do banco de dinámicas de cohesión.
Facer a escolla en función do voso alumnado, a que creades que pode encaixar mellor.

IMPORTANTE

Acceso ás dinámicas de cohesión

LIGAZÓN ou QR





MENSUAL

planificador

MES: Outubro

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
				Círculo acollida familias
7	Elección de persoas delegadas (instrucións XE)			
14	<u>Observadoras da aula</u>			
21	Normas de aula			
28	Consecuencias ás normas da aula			

NOTAS

A acollida de familias farase este mes coas indicacións do círculo de diálogo.

Ademais, a actividade de normas de aula é posible que non saia ben se o profesorado non controla o que o alumnado escribe xa que, por experiencia, ás veces poñen calquera cousa. Se precisades asistencia avisade con tempo!

IMPORTANTE

Acceso á actividade de normas de aula

LIGAZÓN ou QR





MENSUAL

planificador

MES: Novembro

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
De precisar outra sesión, pechar aquí as normas de aula				
4	Técnicas asertivas + Círculo tipos de comunicación			
11		Actividades atrasadas		2ºA e 2ºB Actividade rexurdir (HS)
18	Como afecta o que digo + vídeo		1ºA e 1ºB Actividade rexurdir (SI)	2ºA e 2ºB Actividade rexurdir (HS)
25			1ºA e 1ºB Actividade rexurdir (SI)	2ºA e 2ºB Actividade rexurdir (HS)

1ºESO: actividade de rexurdir sobre Seguridade en
Internet

2ºESO: actividade de rexurdir sobre Habilidades Sociais

3ºESO

4ºESO

IMP.

Os cursos que non
teñen a actividade
externa programada
continúan coas
descritas na seguinte
páxina.



ACTIVIDADES DE RESERVA

MES: -

1ºESO: Como resolvemos os conflitos // Roleplaying conflitos con La pecera				
2ºESO: Gústame non me gusta // Actúa!				

NOTAS

1ºESO
2ºESO
3ºESO
4ºESO

IMPORTANTE

Acceso ás actividades facendo click en cada título dentro do calendario



MENSUAL

planificador

MES: Decembro

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
2	Círculo avaliación da convivencia		1ºA e 1ºB Actividade rexurdir (SI)	
9			1ºA e 1ºB Actividade rexurdir (SI)	2ºA e 2ºB Actividade rexurdir (HS)
16	Círculo avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe			
23				

CONVIVENCIA

Círculo avaliación da
convivencia

PROCESO E-A

Círculo avaliación proceso E-A



MENSUAL

planificador

MES: Xaneiro

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
6	Círculo acollida 2º trimestre		1º C Actividade rexurdir (SI)	
13			1º C Actividade rexurdir (SI)	
20			1º C Actividade rexurdir (SI)	
27	O meu metro cadrado	Psicólogo	Tipos de comunicación	Pasaxe a cegas

NOTAS

1º ESO
2º ESO
3º ESO
4º ESO

IMP.

Os cursos que non teñen a actividade externa programada continúan coas descritas na seguinte páxina.



ACTIVIDADES DE RESERVA

MES: -

1ºESO C: <u>O meu metro cadrado</u>				

NOTAS

1ºESO

2ºESO

3ºESO

4ºESO

IMPORTANTE

Acceso ás actividades facendo click en cada
título dentro do calendario



MENSUAL

planificador

MES: Febreiro

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
3	Círculo entroido			2ºC Actividade rexurdir (HS)
10	Psicólogo	Dúas verdades e unha mentira	Barreiras á solución	2ºC Actividade rexurdir (HS)
17			DAFO persoal	2ºC e 2ºD Actividade rexurdir (HS)
24		Os meus amigos	Roleplaying conflitos con La pecera	2ºC Actividade rexurdir (HS)

NOTAS

1ºESO
2ºESO
3ºESO
4ºESO

IMP.

Os cursos que non
teñen a actividade
externa programada
continúan coas
descritas na seguinte
páxina.



ACTIVIDADES DE RESERVA

MES: -

2ºESO C: Dúas verdades e unha mentira e Os meus amigos				

NOTAS

1ºESO

2ºESO

3ºESO

4ºESO

IMPORTANTE

Acceso ás actividades facendo click en cada
título dentro do calendario



MENSUAL

planificador

MES: Marzo

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
3	Círculo avaliación da convivencia			2ºD Actividade rexurdir (HS)
10				2ºD Actividade rexurdir (HS)
17	Círculo avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe			
24				

CONVIVENCIA

Círculo avaliación da
convivencia

PROCESO E-A

Círculo avaliación proceso E-A



MENSUAL

planificador

MES: Abril

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
31				2ºD Actividade rexurdir (HS)
7				
14	Círculo acollida 3º trimestre			
21				
28	<u>Os meus amigos</u>	<u>Somos impulsivos</u>	<u>Psicólogo</u>	<u>Orientación A-P (OR) FP</u>

NOTAS

1ºESO
2ºESO
3ºESO
4ºESO

IMPORTANTE

Acceso ás actividades facendo click en cada
título dentro do calendario



MENSUAL

planificador

MES: Maio

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
5				
12	O bazar máximo	O bazar máximo	Orientación matrícula 4º	Orientación A-P (OR) BAC
19				
26	Mellor con asertividade	Mellor con asertividade	Mellor con asertividade	Psicólogo

NOTAS

[1ºESO](#)
[2ºESO](#)
[3ºESO](#)
[4ºESO](#)

IMPORTANTE

Acceso ás actividades facendo click en cada título dentro do calendario



MENSUAL

planificador

MES: Xuño

Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
3	Círculo avaliación da convivencia			
10	Círculo peche curso			
17				
24				

CONVIVENCIA

Círculo avaliación da
convivencia

PROCESO E-A

Círculo peche curso



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE
ENSINANZA
SECUNDARIA DE POIO

